



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 6 de febreiro de 2014
Hora de comezo: 13.35 h
Hora de remate: 14.10 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria – Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Arquivo de expediente de limpeza de leira no lugar da Corna-Pousada**
- 3. Balance do Centro Rural Agrupado Vedra-Boqueixón, ano 2013**
- 4. Pagamento seguro de voluntariado de protección civil**
- 5. Aprobación e aboamento factura en relación coa actividade II Ruta das tapas de Boqueixón**
- 6. Alta en abastecemento**
- 7. Licenzas urbanísticas**
- 8. Información de baixas SAF e do incremento da intensidade horaria do SAF por dependencia**
- 9. Solicitar participación no programa “Ler conta moito 2014” e solicitude actuacións**
- 10. Aprobación dos padróns do abastecemento e saneamento de auga**
- 11. Xustificación da axuda concedida para o mantemento do centro de saúde do Forte**
- 12. Punto de urxencia**

13. Rogos e Preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de xaneiro de 2014.

2.Arquivo de expediente de limpeza de leira no lugar da Corna-Pousada

O 26 de xullo de 2013, co número de entrada 13/1479, don José XXXXX, con domicilio en XXXXX, expón que a carón da súa vivenda existe unha leira con abundante maleza e que supón un risco de incendio así como unha situación de insalubridade.

XXXXX.

Solicita que se proceda a súa limpeza.

Na Xunta de Goberno do 5 de decembro de 2013 acordouse proceder coa execución subsidiaria e en consecuencia coa limpeza de maleza, XXXXX ata gardar as distancias sinaladas na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Dita execución subsidiaria efectuouse polo concello, previa autorización expresa dos propietarios e aboamento dos custos, para entrar a limpar. XXXXX.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. **Arquivar o expediente XXXXX.**
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo ós interesados.

3.Balance do Centro Rural Agrupado Vedra-Boqueixón, ano 2013

O Centro Rural Agrupado Vedra – Boqueixón, que unifica sete escolas unitarias de ambos concellos, púxose en marcha no ano 2006.

Ambos concellos acordaron que os gastos de funcionamento, mantemento, conservación e outros que se poidan xerar na sede do CRA (En Lestedo-Boqueixón), serán asumidos polos concellos a partes iguais.

De acordo co exposto, axúntase relación de facturas e custo do persoal de limpeza que supoñen un total de gastos xerados polo CRA Vedra-Boqueixón, por importe total de 3.252,67 €, no período que abrangue de xaneiro a decembro do 2013.

O importe total a aboar polo Concello de Vedra ascende a 1.626,33 €.

A desagregación é a seguinte:

	Gastos Totais
Persoal de limpeza	1.765,01 €
Gasóleo calefacción	313,41 €
Teléfono	488,65 €
Consumo eléctrico	685,61 €
Suma Total	3.252,67€

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Que o Concello de Vedra aboe a contía que lle corresponde en relación cos gastos xerados polo Centro Rural Agrupado, que ascenden a un total de **1.626,33 €**.
2. Dar traslado deste acordo ó citado concello para o seu coñecemento e efectos.

4.Pagamento seguro de voluntariado de protección civil

O día 28 de xaneiro deste ano, vence a póliza de seguro concertada coa Asociación Nacional de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil. Tódolos anos faise un seguro para cubrir ós voluntarios que desinteresadamente prestan axuda nas distintas actividades que desenvolve o concello nos diferentes ámbitos de actuación.

O día 27/01/2014 tivo entrada no rexistro municipal o recibo de cobro núm. A/16/14 polo concepto de seguro de voluntarios de protección civil do 29/01/2014 ata o 28/01/2015 polo importe de 450 euros.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Aprobar o recibo de cobro núm. A/16/14 con data 27/01/2014 e polo concepto do seguro de voluntarios de protección civil por importe de 450 euros.
2. Dar conta ó departamento de Tesourería-Intervención ós efectos oportunos.

5.Aprobación e aboamento factura en relación coa actividade II Ruta das tapas de Boqueixón

Con data do 16 de setembro de 2013 foi aprobada mediante Resolución de alcaldía a organización da “II Ruta das Tapas de Boqueixón 2013 e as bases do Concurso da “Mellor Tapa de Boqueixón”.

Con data do 3 de febreiro rexístrase a factura remitida pola casa de turismo rural “A Casa do Folgo”, CIF. 44826942B, como premio para o sorteo que se realizou entre os clientes participantes dunha estancia dunha noite nunha casa rural con cea para dúas persoas, sendo a gañadora María XXXXX.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1º Aprobar, imputar e aboar a seguinte factura con cargo a citada actividade, tal e como segue:

Rexistro	Data Fact.	Núm. factura	Razón Social/CIF	Actividade	Concepto	Importe Total a aboar
14/177	03/02/14	04	A Casa do Folgo	II Ruta das Tapas de Boqueixón	Estancia dunha noite nunha casa rural con cea para dúas persoas	99 euros

2º Comunicar este acordo á Tesourería do Concello de Boqueixón para que proceda a realizar o pago da factura reflectida no anterior punto.

6. Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúese como beneficiario do servizo á sociedade cooperativa que se relaciona a continuación.

Nome	DNI	Lugar	Taxas
Caneda y Fernández SC	XXXXX	XXXXX	54,81-€

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento á sociedade cooperativa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para explotación agrícola.

Caneda y Fernández SC, aboaron a taxa no número de conta do concello, XXXXX.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

7. Licenzas urbanísticas

EXP.: 13/1877. Licenza municipal de segregación e agrupación de dúas fincas en Deseiro de Abaixo - Sergude

Antecedentes:

Con data do 25/09/2013 (rexistro de entrada 13/1877), por don Manuel XXXXX, preséntase un proxecto técnico de segregación e agrupación de dúas fincas procedentes da núm. 465, da zona de Concentración Parcelaria de San Verísimo de Sergude, e emprazadas urbanisticamente en Solo de Núcleo Rural.

Con data do 19/11/2013, polos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un **Informe Técnico**, no que se fai constar que os solicitantes non son os propietarios da finca 465, polo que deberase achegar a documentación que xustifique o 100% da propiedade da

parcela 465, así como a conformidade de todos os propietarios da mesma para as actuacións que se pretenden levar a cabo. Ademais, consta que as parcelas resultantes cumpren coas NNSS, non obstante, a súa xeometría non cumpre co artigo 28.2.d) da LOUPMRG, polo que deberán de simplificarse os lindeiros, de xeito que queden o máis ortogonal posible á vía de acceso.

Con data do 22/11/2013 (registro de saída 13/1117), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor, que debe presentar a documentación correspondente, que recolla tódalas modificacións esixidas en dito informe técnico.

Con data do 07/01/2014 (con registro de entrada núm. 14/31, de data do 9/01/2014), por parte de don José XXXXX, presenta un escrito, no que actúa como contador partidor da herdanza de don Clemente XXXXX. Así mesmo, preséntase documentación xustificativa de que os anteditos causantes son os propietarios da totalidade da finca matriz núm. 465, cunha superficie de 5.765,76 m²; así como tamén se achega o proxecto modificado de segregación e agrupación de fincas, en base ao requirido no informe técnico municipal.

Con data do 21/01/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, no que se fai constar que a licenza de segregación quedará condicionada ó cumprimento das actuacións de agrupación en unidade de acto que se reflicten no proxecto.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación e agrupación de fincas, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 26/09/2013), polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a don José XXXXX, (designado como contador partidor XXXXX) e en representación de don Manuel XXXXX, a **licenza municipal**, para a **segregación e agrupación de dúas fincas**, situadas no lugar XXXXX, na parroquia da Sergude, e emprazadas urbanísticamente en solo de núcleo rural, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. do expediente: 13/1877
02. Promotores da licenza: JOSÉ XXXXX (contador partidor da herdanza de XXXXX) e en representación de MANUEL XXXXX
03. NIF dos promotores: XXXXX
04. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL
05. Tipo de licenza: SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE DÚAS FINCAS
06. Situación e emprazamento: DESEIRO DE ABAIXO – SERGUDE
07. Técnico autor do proxecto: JUAN CARLOS VILARIÑO SANTOS. Enx. Técnico Agrícola

Descrición das parcelas iniciais e das parcelas resultantes

1.- Parcelas iniciais:

- **Parcela 1**: resto de parcela rústica número 465 da Zona de Concentración Parcelaria de San Verísimo de Sergude, Concello de Boqueixón. Labradío ó sitio de Corga, que mide 5.765,76 m², e que linda: Norte, camiño construído por

Concentración Parcelaria e parcelas de Manuel XXXXX, e as segregadas; Sur, Edelmira XXXXX; Leste, zona urbana de Deseiro, e parcela segregada; e Oeste, parcela segregada, José XXXXX e Juan XXXXX

.....
Inscripción: Rexistro da propiedade nº 1 de Santiago de Compostela, Tomo 661, libro 51, folio 230, finca número 7.490.

- **Parcela 2:** parcela rústica de terreo dedicado a labradío, ao sitio de Corgo, cunha extensión de 958 m², e que linda: Norte, en liña de vinteoito metros, camiño construído por Concentración Parcelaria; Sur e Oeste, resto de finca matriz; e Leste, parcela do comparecente don Manuel XXXXX.

Inscripción: Rexistro da propiedade nº 1 de Santiago de Compostela, Tomo 943, libro 69, folio 86, finca número 9.883.

- **Parcela 3:** “Casa”, sita no lugar de Deseiro de Abaixo, de planta baixa, que ocupa unha superficie de uns 100 m²; a casa vella onde viviron antigamente e hoxe dedicada a pallal; un pallal. Todo iso está dentro dunha mesma eira cuxa superficie total é de 1.596 m², e que linda: Norte, Juan XXXXX; Sur, camiño de Concentración Parcelaria e Genaro XXXXX; Leste, camiño construído polo Servizo Nacional de Concentración Parcelaria; e Oeste, Manuel XXXXX.

Referencia catastral: 15012C5050820000DQ.

2.- Segregación da **parcela 1** (5.765,76 m²):

- Parcela segregada 1-a: porción de terreo polo Nordeste, cunha superficie de 580 m²
- Parcela segregada 1-b: franxa de terreo que abarca toda a zona Sur da parcela, cunha superficie de 2.556 m².
- Resto da parcela 1 matriz: parcela cunha superficie de 2.629,76 m².

3.- Agrupación de parcelas:

- Agrupación da parcela segregada 1-a (580 m²) + parcela 2 inicial (958 m²), resultando unha parcela de 1.538 m².
- Agrupación da parcela segregada 1-b (2.556 m²) + parcela 3 inicial (1.596 m²), resultando unha parcela de 4.152 m².

4.- Parcelas resultantes finais:

Parcela A:

Resultante da agrupación da parcela segregada 1.a, coa parcela 2 inicial.

Parcela de terreo dedicado a labradío ao sitio de Corga, cunha superficie de **1.538 m²**. Linda: Norte, en liña de vinteoito metros, estrada e parcela segregada de Manuel XXXXX; Sur, parcela de Manuel XXXXX; Leste, Manuel XXXXX e Juan XXXXX; e Oeste, parcela de Construcións e Promocións Pepe Noya, S.L. e finca matriz 465 da zona de Concentración Parcelaria de Sergude, de Clemente XXXXX e Manuela XXXXX.

Parcela B:

Resultante da agrupación da parcela segregada 1.b, coa parcela 3 inicial.

Casa sinalada co número catorce do lugar de Deseiro de Abaixo, parroquia de Sergude do municipio de Boqueixón, de planta baixa, que ten unha superficie ocupada igual á construída de oitenta e dous metros cadrados; unha casa vella en estado ruinoso, hoxe dedicada a pallal, de dúas plantas que ocupa unha superficie de oitenta e dous metros cadrados e cun total de cento sesenta e catro metros cadrados construídos e un alpendre cun cobertizo adosado de planta baixa que ocupan unha superficie de oitenta e oito metros cadrados. Todo isto está dentro dunha mesma finca cuxa superficie total é de **4.152 m²**. Linda: Norte, Juan XXXXX e Manuel XXXXX; Sur, camiño de Concentración Parcelaria e Edelmira XXXXX (460); Leste, camiño construído polo Servizo Nacional de Concentración Parcelaria e Juan XXXXX; e Oeste, José XXXXX (463 B) e Juana XXXXX (462).

Parcela C:

Resto da parcela matriz 1 inicial.

Resto da parcela número 465 da Zona de Concentración Parcelaria de San Verísimo de Sergude, Concello de Boqueixón. Labradío ao sitio de Corga, cunha superficie de **2.629,76 m²**, e que linda: Norte, estrada, parcela de Construcións e Promocións Pepe Noya, S.L. e finca de M^a Carmen XXXXX e Santiago XXXXX; Sur, parcela segregada de Manuel XXXXX; Leste, parcela de Construcións e Promocións Pepe Noya, S.L. e parcela segregada de Manuel XXXXX; e Oeste, parcela de M^a Carmen XXXXX e Santiago XXXXX e José XXXXX (463 A y B).

Segundo:

Condición especial desta licenza:

A licenza de segregación quedará condicionada ó cumprimento das actuacións de agrupación en unidade de acto que se reflicten no proxecto.

8. Información de baixas SAF e do incremento da intensidade horaria do SAF por dependencia

A) Logo de ver os informes da traballadora social, infórmase á xunta de goberno das baixas *no servizo de axuda no fogar* por dependencia, a nome das seguintes persoas:

- XXXXX

B) Así mesmo infórmase da ampliación do servizo de axuda no fogar por dependencia, a nome de:

- XXXXX

9. Solicitar participación no programa “Ler conta moito 2014” e solicitude actuacións

Con data 27 de xaneiro de 2014 a Secretaría Xeral de Cultura (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) anuncia a convocatoria do programa de actividades de animación a lectura denominado “Ler conta moito 2014”, dirixido a bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

“Ler conta moito 2014” ten como obxecto artellar un circuío estable de actividades de promoción da lectura nas bibliotecas públicas co fin de promocionar o libro e a lectura en galego, fomentar hábitos de lectura e incrementar os índices lectores.

As bibliotecas deberán solicitar e programar para este ano 2014, un mínimo de dúas actividades.

Dado que o prazo de solicitude remata o 11 de febreiro de 2014, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aceptar as bases e os sistema de xestión do citado programa e solicitar a súa participación no mesmo.
2. Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte á porcentaxe da tarifa que lle corresponde ao concello.
3. Solicitar as seguintes actuacións:

Programa	Artista	Espectáculo	Caché total (IVE incluído)	Achega da Secretaría Xeral de Cultura	Achega do concello de Boqueixón
Ler conta moito 2014	Carlos Coira	Abrapalabra. Maxia e poesía	363 €	272,25€ (75%)	90,75€ (25%)
Ler conta moito 2014	Cucarandainas	Contos de peto	275 €	206,25€ (75%)	68,75 € (25%)

4. Remitir este acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

10.Aprobación dos padróns do abastecemento e saneamento de auga

A empresa Espina y Delfín, adxudicataria dos servizos de auga e saneamento, fixo entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe nos correspondentes pregos de cláusulas que rexeron as contratacións dos dous servizos.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 4º trimestre do ano 2013 que terían os seguintes aboados:

Servizo de abastecemento de auga :1.017

Servizo de saneamento: 1.331

Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

11.Xustificación da axuda concedida para o mantemento do centro de saúde do Forte

Na circular enviada pola FEGAMP o día 21 de agosto de 2013, comunicábase que a esta entidade lle correspondía unha axuda de 2.749,31 euros para subvencionar os gastos de mantemento do centro de saúde no período comprendido entre o día 1 de xaneiro de 2013 ata o 7 de marzo de 2014.

Coa finalidade de xustificar esta axuda temos en conta o custo da limpeza diaria dunha traballadora a media xornada. O custo anual, desde o día 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2013 é de 8.825,03 euros.

Antes do día 7 de marzo hai obriga de entregar a xustificación do gasto así como a declaración de que non se obtiveron outras axudas para subvencionar os mesmos conceptos.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o gasto realizado desde o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2013 polo mantemento do centro de saúde do Forte de 8.825,03 euros.

Comunicar que o gasto realizado foi aplicado ó mantemento do persoal de limpeza

Comunicar que o Concello de Boqueixón ten concedida unha axuda económica para levar a cabo o mantemento do centro de saúde por un importe de 2.749,31 euros segundo o convenio asinado entre a Consellería de Presidencia, o Servizo Galego de Saúde e a Fegamp.

Comunicar que esta axuda cumpriu coa finalidade para a que se concedeu

Comunicar que a diferenza entre o gasto executable e o subvencionado pola consellería é financiado por fondos propios

Comunicar que para a mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través deste convenio.

Dar traslado da correspondente xustificación á FEGAMP

12. Punto de urxencia

Na Xunta de Goberno do día 16 de xaneiro iniciouse a contratación para o mantemento integral dos ascensores do Concello de Boqueixón. O prazo para a presentación das ofertas finalizou onte e o día 20 remata o contrato de mantemento asinado coa empresa actual. Polo tanto urxe a apertura da documentación para adxudicar de novo o servizo e a Xunta de goberno aproba a urxencia deste punto.

Apertura dos sobres B de Referencias Técnicas e Económicas para a contratación do mantemento integral dos ascensores.

Na Xunta de goberno do día 16 de xaneiro iniciouse a contratación do servizo para o mantemento integral dos ascensores do Concello de Boqueixón. Na mesma sesión acordouse solicitar ofertas económicas a tres empresas: ThyssenKrupp Elevadores SLU, Ascensores ENOR, SA e Orona.

O día 28 de xaneiro son enviadas as invitacións correspondentes por vía telemática e este mesmo día, as empresas comunican o recibo das mesmas.

Segundo os pregos de cláusulas, o prazo para entregar a documentación é de 8 días naturais, e este prazo rematou o día de onte.

O sobre da empresa Orona foi recibido hoxe por correo ordinario despois de que na data de onte se recibirá o xustificante da presentación da documentación no servizo de correos, mediante envío de acuse por fax.

Urxe a súa contratación porque o contrato actual finaliza o día 20 de febreiro.

Polo tanto procédese á apertura dos sobres B de Referencias Técnicas e Económicas.

A documentación técnica será enviada ó Estudio Técnico para que sexa realizada a correspondiente valoración.

Da documentación económica obtéñense os seguintes valores:

Empresa	Prezo base	IVE	Oferta económica
Orona	998,88	209,76	1.208,64
Enor	756,00	158,76	914,76
ThyssenKrupp	1.190,40	249,98	1.440,38

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1. Enviar a documentación técnica para a elaboración do correspondente informe de valoración das propostas presentadas

13.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e prace
O Alcalde